

XXVIII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Música, orgullo e identidade

Facultade de Ciencias da Comunicación
Santiago de Compostela
20 de outubro de 2026

Consello da Cultura Galega

Nos últimos anos estase a producir un fenómeno especialmente significativo no ecosistema cultural galego: a emerxencia dunha nova escena musical en galego que, por primeira vez en décadas, consegue interpelar de maneira directa á mocidade adolescente. Propostas vinculadas á música urbana e aos novos códigos estéticos dixitais, como as representadas por 9Louro, están a abrir vías inéditas de conexión cunha franxa de idade, entre os 12 e os 18 anos, tradicionalmente allea ao consumo de música en galego.

Este feito diferencial adquire especial relevancia se se ten en conta que a adolescencia constitúe unha etapa clave na conformación das prácticas lingüísticas e das identidades culturais. Historicamente, a música en galego tivera unha forte capacidade de mobilización e de construción simbólica, mais atopara maiores dificultades para integrarse nos espazos de socialización xuvenil contemporáneos, fortemente mediados por dinámicas globais.

Neste contexto, o recente éxito de propostas que revisitan a tradición desde unha óptica contemporánea, como Tanxugueiras, contribúe a reforzar a idea de que a música pode actuar como un espazo privilexiado de reconfiguración identitaria, no que o galego se presenta non como unha herdanza estática, senón como unha ferramenta viva, flexible e plenamente inserida na modernidade.

A confluencia entre tradición e innovación, entre local e global, e entre compromiso e industria cultural, sitúa a música nunha posición estratéxica para intervir nos usos lingüísticos da mocidade.

Neste sentido, nos XXVIII Encontros para a Normalización Lingüística proponse analizar, dende unha perspectiva interdisciplinaria, o potencial da música como motor de cambio sociolingüístico, atendendo especialmente á súa capacidade para xerar identificación, prestixio e comunidade arredor do galego.

O foco sitúase, de maneira particular, na posibilidade de que estas prácticas culturais contribúan á ampliación da base social da lingua a través do fenómeno do contexto neofalante, entendido non só como un cambio de código lingüístico, senón como un proceso complexo de construción de identidade e pertenza.

Imaxe da portada: Concerto de 9Louro no *Composfest*. Festas da Ascensión, Praza da Quintana, Santiago de Compostela, 15 de maio de 2026.

Programa

Sesión da mañá

9:45 horas
Inauguración

10:00 horas
Da raíz á vangarda: continuidade e cambio na música en galego

- **Mini**
- **Xurxo Souto**
- **Guadi Galego**
- **Faia Díaz [De Vacas]**

Coordina e modera: **Manuel Maseda**

11.30 horas
Pausa

12:00 horas
Crear en galego: entre o compromiso, o mercado e a identidade

- **Marta Álvarez [De Ninghures]**
- **Hugo Guezeta**
- **Pauliña**
- **Grande Amore**

Coordina e modera: **Bernardo Penabade**

13:30 horas
Peche da sesión da mañá

Sesión da tarde

16:30 horas
Difusión, redes e neofalantismo: como medra a comunidade

- **Fátima Pego**
- **Antía Muíño**
- **MØU [Dios Ke Te Crew]**

Coordina e modera: **Luz Castro**

18:00 horas
Pausa

18:15 horas
Música urbana e adolescencia: socialización lingüística en novos espazos

- **xmaseda**
- **O Rabelo**
- **Laura LaMontagne**
- **9Louro**

Coordina e modera: **Ana Iglesias**

19:15 horas
Actuación de peche
xmaseda

20:00 horas
Clausura

Organiza
Consello da Cultura Galega
Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CCG)

Colabora
Secretaría Xeral da Lingua
Xunta de Galicia
Facultade de Ciencias da Comunicación. Universidade de Santiago de Compostela

Comisión organizadora
Luz Castro Pena
David Cobas Medín
Mónica Fernández Valencia
Ana Iglesias Álvarez
Manuel Maseda Deán
Rosa Moreiras Cuñarro
Ramón Nicolás Rodríguez
Bernardo Penabade Rei
Rosario Pérez Magdalena
Xaime Varela Sieiro

Lugar
Facultade de Ciencias da Comunicación
Campus Norte, Av. de Castelao, s/n,
15782 Santiago de Compostela

Inscrición
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (300 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en http://consellodacultura.gal

Organiza:

Consello da Cultura Galega

Colabora

XUNTA DE GALICIA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN